



A COVID-19 E O CONFINAMENTO

Cando escoitamos as novas da covid-19 parecía todo moi lonxano, mais cando suspendemos a actividade do Courel para o 14 e 15 de marzo (que celebramos felizmente o 27 e 28 de xuño) pareciamos sorprendidos: apenas sabiamos nada e non sabiamos que facer. Pero a realidade apareceu de repente coa declaración do Estado de Alarma coas restricións por todos e todas coñecidas: por primeira vez nas nosas vidas padeciamos unha pandemia e quedamos confinados e confinadas nas nosas casas.

Sen saír de casa agás o imprescindible, pendentes das novas e as redes pasamos unha, dúas,..... demasiadas semanas en confinamento, cunha desescalada (por que se chamaría así se non escalamos nada?) que ía dando aire ao noso espírito e esperanza de volvernos encontrar para compartir a nosa ilusión: volver ao monte.

Despois de meses co Club pechado, sen actividade, imos retomando o noso espírito, polo que fomos creados: compartir na nosa sede cos amigos e amigas, realizar actividades dentro do Club e sobre todo



retomar as actividades previstas e facer outras novas na natureza. Coas directrices necesarias para facelo de xeito seguro. Aínda que imos sabendo máis, hai que ter presente que o “bicho” segue aí, que é facilmente contaxioso e perigoso, que o podemos coller/levar sen sabelo e que debemos andar con moita cautela.

Sorprendidos/as, asustados/as ás veces polos nosos, preocupados/as polos amigos e amigas, esperamos vernos nas actividades e fóra delas, con sentidiño.

A todas, a todos, manifestamos o noso cariño polo Club e todo o que compartimos e compartiremos. Vémonos...

Seccións

Sendeiros.....	2
Historias do Confinamento....	3
Infantil.....	4
Homenaxe.....	6
Calendario de actividades.....	8

Vindeiras actividades
Campamento Social de verán

Montaña Palentina
Pequecampamento XeoCourel
Etapas 15 e 16 Xeoparque Courel
Copa Galega de Escalada
Mergullo

CONFIDENCIALIDADE: Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIROS CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo administracion2@celtas.net ou nas oficinas do Club.

SENDEIROS

Roteiro circular en Donón 7 de xuño

Facho de Donón, Facho do Hío e Costa da Vela

(ghghghgh ghghghgh ghghghgh) Habará que darlle un pouco!!! (xsxsxs xsxsxs xsxsxs) Agora van!!! Este son aparecía nas casas cando preparamos botas e mochilas para realizar o pateo polas terras do Hío. Suavizado todo.

E así, no aparcamento de Donón, quedamos o 7 de xuño para comezar esta nova etapa de actividades do Club, logo do confinamento. Coas medidas pertinentes, tope de participantes, máscaras e distancia física (que non emocional nin social) subimos ata o facho de Donón, onde fomos recibidos por Berobreo e o seu castro, e puidemos desfrutar dunha espectacular panorámica costeira desde A Barbanza ata A Grova, e unha visión do percorrido a realizar nesta xornada.

Continuamos ata o facho do Hío (vértice xeodésico, 217msnm) cunha breve parada para falar co pastor de cabuxas dunha explotación de carne e mel existente na zona. Ascenso ao facho e baixada por camiño empedrado ata a estrada e baixar a Barra por vexetación frondosa para continuar ata punta Subrido. Parada para xantar na praia de Melide (que alguén aproveitou para se bañar).

Continuamos ata punta Robaleira e cabo Home para voltar a Donón polo camiño a media ladeira pola Costa da Vela cheo de árnica (algúns recolectamos para preparar unguento para dores musculares e de articulacións). Chegados a Donón, parada no Bar Costa da Vela para hidratar, comentar a saída vindeira do río Alén e a do Courel, e dar conta duns chinchos en esca-beche que nos puxeron coa bebida.

Así, de xeito sinxelo, coidadoso e parlanchín dimos por rematada esta actividade de pateo e reencontro. Emilio B.



Sendeiro polo río Alén 14 de xuño

Temos vales en Galicia cuxa orientación sur permite que estean resgardados dos ventos do Norte. O val do río Alén é un deles, cunha vexetación frondosa e en gran parte autóctona. O seu nome é enigmático, o río Alén, o río do máis alá.

Moi ledos nos reunimos no centro de Barcia de Mera, visitando a igrexa e a reitoral.

Percorremos a beira dereita do Alén, ata a capela de S. Xoán do Mosteiro, a cal sitúase baixo frondosos carballos centenarios. O antigo camiño levounos á ponte medieval e a Fonte Santa. A fonte é outro lugar máxico do Alén... agóchase na profundidade da fraga. O que máis chama a atención son os centos de cruces de madeira, pedra, paus que atópanse depositados na misteriosa fonte. A tradición di que deixemos unha cruz sobre a fonte e bebamos da súa auga.

Fixemos unha ruta circular na que atravesamos o conxunto etno-gráfico de Caxil e volta a praza de San Amaro no centro de Barcia de Mera.

O Club agradece a colaboración dos nosos socios de Covelo os cales pasaron moitas horas con o percorrido e rozando. E non esquecemos a súa promesa que a seguinte será polo Canón do Matacán. Conchi B.



HISTORIAS DO CONFINAMENTO

A música, lectura, o debuxo, a gastronomía, ...en fin, arte e cultura axudaron a sentirse máis acompañada e manexar o carruxel de emocións sentidas.

E sen dúbida..., os encontros e os afectos foron os mellores salvavidas,... o viño e os chats, os chamados “viño-chats” tiveron moita responsabilidade para a supervivencia onde esta familia Celtas tivo gran protagonismo,... ademais, atoparse persoas compañeiras do club nas escapadas furtivas (ir polo pan, un parabéns persoal, ..e xa, cando nos soltaron,... atoparse nos paseos, na bici, no viño dos venres no vecindario,...) tamén foi moi bonito... e sumo a isto as conversas do grupo de wasup, onde a necesidade de compartir era e é síntoma de colectividade. Axudou o sol cando acompañou,



mesmo a choiva sabendo que a túa xente está recollida,... axudou un saúdo de “bo día”, unha chamada, ...un estás ben?, ...necesitas algo?...unha cervexa? e...os roscóns???? que felicidade os roscóns nesta semana santa!!!

Axudou traballar para quen temos ese privilexio e saber que outra xente, a imprescindible, estaba e está aí, en primeira liña.

Reconforta saber que a saúde acompañábanos aínda que, incertezas e medos estiveron sempre presentes...e mesmo, alguén perdeu a alguén querido, coñecido nestes días, o cal, é sempre doloroso, e máis non podendo acompañar. Máis dáse o equilibrio cun nacemento que fai máis grande esta familia...

Así, imaxes de vida correron pola rede; flores, sementes, montaña, animais, lúas, ...chegou o arrecendo do mar tras as portas e doces saídos do forno, chegaron tamén os sons das risas e berros infantís coas súas peticións de música nas fiestas e

goce do xogo,... e os aplausos..., ese necesario recoñecemento á sanidade pública e aos servizos públicos!!!

Historias compartidas para recordar! Gloria P.



Que o confinamento non pare as nosas ilusións, que inda que sexa na casa temos moitas posibilidades e podemos seguir adestrando e non perder o ritmo, cando poidamos volver a montaña voltaremos coas mesmas forzas ou mais que o último día, pronto volvemos seguro! saúde! David C.

Durante o confinamento naceron 2 novos socios: Benvido Blas! Benvida Jamaica!



Cando nos dixeron que tiñamos que quedar na casa fixemos: AH????!!! Sen cole? Yupi!! Sen deporte, sen amigos, sen ver aos avós? NOOON!

Ao principio non estivo mal, xogamos moito cos nosos pais, cada tarde botabamos unha partida ao Monopoly, Catan, Viaxeiros ao Tren... un Xogando en familia pero todas as tardes. Tamén

fixemos puzzles, pintamos, descansamos e saíamos aplaudir á ventá, aplaudíamos algo pero aproveitabamos para berrar e utilizar os chifres. Era o momento de desafogar. Era súper raro pero o fomos levando. Xa foi menos divertido cando empezaron a chegar os cumles e só podíamos felicitar por vídeo chamada, tamén foi menos divertido cando nos demos conta de que non ía haber Operación Benxamín, nin pequemarchas, nin festas,... O da máscara ao principio era divertido, somos ninjas!!! Agora xa menos. Chegou o momento de saír: paseos no monte, en bici, volver a ver aos amigos e familia! e agora xa está aquí o verán e o campamento social nese camping tan guay! Que ganas de volver a poñer as botas de montaña! Iago e Xoaquín K.



SECCIÓN INFANTIL

Operación Benjamín na lembranza 1ª Edición: Maio do 1968

Un dos mellores amigos que tiven na miña vida foi Rogelio Pereira, que xa o era antes de que fixeramos xuntos o servizo militar en infantería de mariña durante dous longos anos. Cando nos licenciamos, fíxeme socio do noso Club (entón Sección de Montaña do R.C. Celta), e pouco despois convencín a Rogelio para que se asociara tamén el. Isto sucedeu a finais da década dos anos corenta, e conto isto para que se saiba canto podíamos coñecernos o un ao outro e viceversa.

Moito tempo despois, xa casados ambos e con fillos, no transcurso dunha daquelas longas acampadas que abarcaban case todo o verán, nas cales catro familias de montañeiros levábamnos desfrutando desde facía varios anos xunto á praia de Cesantes, foi Rogelio quen me dixo que sería bo organizar un curso, con carácter anual, adicado aos nenos alleos ao noso entorno habitual, non acostumados ao contacto directo coa Natureza; un curso que levara aos pais e nais deses nenos a tranquilidade de saber aos seus fillos en mans expertas e responsables (as nosas, claro) para defendelos dos perigos aos que, se supoñía, haberían de enfrontarse os chavales en semellante aventura no medio das agrestes montañas.

Pareceume un proxecto interesante e comecei a desenvolvelo mentalmente. Como os dous eramos directivos de Club Montañeiros Celtas, nos víamos con frecuencia e aproveitabamos para intercambiar as ideas que se nos ían ocorrendo; así, pouco a pouco, fomos dando forma ao proxecto, que decidimos chamar Curso infantil de Iniciación ao Montañismo-Operación Benjamín. En canto á época idónea para celebralo, despois de moito sopesar pros e contras de determinados meses, sobre todo de maio e setembro, decidímonos polo primeiro. O curso tería unha duración de dúas semanas, con ensinanzas teóricas e prácticas no monte.

Expuxemos o noso plan aos compañeiros da Xunta Directiva, que o aprobaron, aínda que con reticencias de algún. Formamos dous equipos de traballo e de ensinanza, respectivamente; no primeiro estaban directivos como José Luis Vázquez, Manolo Martínez, Adiano Táboas, Máximo Castro e Perfecto Marcos, encargados dos labores prácticos; o grupo de ensinantes o compoñían Antonio Veiga, Chito Veiga e Benigno Varela, só para impartir leccións no club; Rogelio e eu traballariamos nos dous colectivos, auxiliados por Elva Grobas que actuaría de Secretaria.

Enviamos información á maioría dos colexios de Vigo e démoslle ampla difusión polos medios informativos. Aínda que en aqueles anos aínda non estaba de moda que os menores acamparan, reunimos medio centenar de nenos, incluídos os fillos dos que organizábamnos o curso.

As clases teóricas impartidas no local social intentaban describir, de maneira sinxela, como se practicaba o montañismo, que material debía utilizarse, normas de convivencia e temas similares. A primeira saída levouse a cabo un sábado, en autobús, ata o borde dun bosque polo que camiñamos ata o noso refuxio do Vixiador, levando cada un a súa mochila cargada con todo o necesario para o fin de semana no monte. Esa primeira experiencia resultou desalentadora. Os rapaces non dispuñan dos útiles necesarios para

practicar montañismo; a maioría non posuía roupa nin calzado axeitado para andar pola montaña, había quen non levaba mochila senón incomodas bolsas de deporte, e só uns poucos (moi poucos) tiñan saco d durmir.

Como puidemos, habilitamos mesas para que puideran cear con certa comodidade que non lles fixeran estrañar a tranquilidade das súas respectivas casas. Servímoslle unha sopa que María Teresa, a miña muller, preparou en xigantescas potas, para que tomaran algo quente.



SECCIÓN INFANTIL

Operación Benxamín na lembranza 1ª Edición: Maio do 1968

Rematada a cea, indicámoslle que se deitaran nas liteiras, e pasamos toda a noite en vela, intentando que se durmieran, que non gritaran, que non se beliscaran entre si, que non saltaran sobre as liteiras, que deixaran de dar a lata pedindo ir ao baño...Era lóxico: estes nenos xamais tiñan pasado a noite fóra da casa, e para eles era unha aventura colosal a que estaban vivindo. A excitación impedíalles durmir.

O día seguinte pola mañá démoslle o almorzo (leite con cacao e galletas), pero fóra do refuxio para evitar que o mancharan todo. Levámoslos ao monte San Vicente, impartindo sobre a marcha sinxelas normas de orientación. Volveron bastante cansados como para comportarse medianamente ben mentres comeron ao aire libre. Despois dun descanso, máis clases prácticas, algún xogos de divertimento e preparar as mochilas, ou bolsas, para o regreso ata onde nos esperaba o autobús. Antes, recollida de residuos ata deixar impecable o recinto e arredores.

Durante a semana seguinte, máis clases como preparación ao campamento que pensábamos montar nas ladeiras do Monte Alba. Como era receptivo, tivemos que pedir o correspondente permiso ao Goberno Civil, dende onde pasaron a comunicación ao Frente de Juventudes, organismo do aparato político que se encargaba de todas as actividades infantís. E apareceu polo local do Club un xefe desa entidade (que era amigo noso para máis inri) prohibíndonos facer o dito campamento, porque só a eles lles estaba permitido realizalo, tratándose de menores, e... bla,bla,bla. Despois dunha complicada discusión o home consentiu en que seguira adiante o campamento pero só estando el presente, para tal fin iría co seu correspondente uniforme (camisa azul incluída) para dar oficialidade ao evento. Era como un favor especial por tratarse de nós.

Chegou o sábado e fómonos ao Alba. As tendas montámolas os monitores, axudados polos poucos socios infantís que nos acompañaban, para que os demais viran como se facía e aprenderan. Tivemos bo coidado de separar a cada un dos respectivos amigos (por aquilo de "divide e vencerás") ao distribuílos nas tendas. Despois fixemos unha pequena marcha, ao regreso da mesma cearon os participantes.



Esa noite coñeceron o pracer de participar nun lume de campamento, no que incluso contou chistes o "camarada" do Frente de Juventudes. Os chavales cantaron e riron pasándoos moi ben. Cara a noitiña démoslle cacao con leite quente e fixemos que se meterán nas tendas, facendo garda durante as horas seguintes porque non había forma de que se durmieran. Uns queixábanse de frío, outros dáballes a risa a gargalladas, outros querían ouriñar, uns poucos estrañaban ás súas mamás, etc.

A mañá seguinte, tras o almorzo, organizamos unha marcha de regularidade por parellas, facéndolles ver a necesidade de camiñar sen excesiva presa nin esaxerada lenti-

tude. A continuación o xantar e, a media tarde, os xogos para pasalo ben, simplemente.

A recollida de tendas, xa coa colaboración de todos, resultou francamente complexa pola lóxica torpeza dos novos. Ao final, limpeza do campamento e a cargar os petates ata o autobús.

E nada máis. Así foi a primeira Operación Benxamín no ano 1968. (Extracto sacado de un texto de Antonio Álvarez na corenta edición da Operación Benxamín, traducido ao galego)

HOMENAXE

ANTONIO VEIGA 1935-2020

Non te esquecemos, Antonio Veiga

Por non ter cabida no anterior boletín, quero hoxe LEMBRARTE: sobre todo cando polos anos sesenta e tantos formei parte coma tesoureiro da directiva que ti presidías. Para min é imborrable aquel trío que formabades Chito, Benigno Varela e ti, así coma toda a familia Veiga con D.Camilo ao fronte.

E por último, Sara, quero dicirche: ánimo, a vida sigue....

Hoxe tampouco podo esquecer a Fernando Barrios Canitrot, falecido días atrás, que xunto coas familias Casado e Santalla formaban un grupo excelente. J.L. Vázquez

Ola Antonio, AMIGO, onte me chamou Vázquez do Club para que escribira unha reseña sobre ti. Que vou a dicir sobre ti e a montaña que non coñezan todos os do Club!

Por iso contarei a túa relación con nós, os teus amigos Marco (Placas), Manolo, Elisardo, Alfredo e eu.

Nos coñecemos a mediados dos anos 60, “xa choveu”. Eramos uns rapaces, Elisardo un pouco menos. Nos apadriñaches e comezou unha intensa relación non só de montaña. Eras o noso mestre, ensináchenos escalada, montaña e espeleoloxía e tamén pesca submarina. Ao mesmo tempo, convertícheste na nosa Wikipedia, sabías de todo, cando nos aventurábamos nalgunha teoría propia da idade, discretamente nos corrixías.

Foron anos de montaña intensa, leváchesnos por todos os recunchos de Galiza, contigo non facía falta mapas, “tiñas o GPS na cabeza”. Tamén foi unha época de intensa vida social entre nós, ennoviámonos todos, a mediados dos 70 empezou a ronda de vodas, ti fuches o primeiro ca túa e nosa querida Sara. Viñeron os fillos e houbo un certo parón na nosa relación.



Cando os fillos comezaron a medrar, encargácheste de volver a xuntarnos e organizaches saídas de fin de semana longos polas montañas galegas, Trevinca, Ancares, Caurel, etc., e ti veña a explicarnos todas as historias das zonas. Encantábanos como sacabas moito dos teus coñecementos sen o menor ápice de presunción.

Comezamos a ter reunións festivo gastronómicas nas nosas casas, e todos os anos facíasnos en Bouzas, na túa casa, o mellor cocido do mundo ca receita da túa avoa.

Bueno, Antonio, díxome Vázquez que había pouco espazo e non poderíamos contar a infinidade de anécdotas que pasamos contigo amigo Antonio, definiríamoste coma un home listo, culto, bo deportista, moi bo amigo, e sobre todo

unha excelente persoa, ah! e perdoa, “un pouquiño maniático”. Todo iso é o que eras e o que ti es para nós.

Adeus amigo. Un bico moi grande esteas onde esteas dos teus amigos Marco, Manolo, Sardo, Alfredo e eu.

P. Alfaya.



VINDEIRAS ACTIVIDADES

Campamento Social en Bamio

Este ano voltamos á costa (cámping, praias, illas, churrasco, ...). O lugar escollido é a ría de Arousa, aloxándonos no Cámping Río Ulla (www.campingrioulla.com), situado no lugar de Bamio, na desembocadura do Río Ulla e a 2 km de Carril, onde se atopa a Illa de Cortegada. O campamento dará comezo o sábado a partir das 12h, coa recepción das persoas participantes. Despois de xantar poderemos gozar dun paseo ou unha ruta en bici. Pola noite prepararemos e degustaremos todos xuntos un delicioso churrasco á cargo da organización.

Presentación do libro Alén do Azul

Silvia Iglesias e Sara Carrasco de 13grados.com virán presentar o seu libro Alén do Azul onde descubriremos como é a vida debaixo do mar e nos amosaran as principais ameazas da ría a nivel ecolóxico

Pequecampamento no Courel

Unha magnífica oportunidade para celebrar un segundo pequecampamento neste ano, que moito merecemos despois dun confinamento tan longo. Pasamos da praia en xullo as Montañas do Courel, faremos a base en San Clodio, no cámping se está rematado ou no pavillón deportivo, e descubriremos novos entornos moi, moi interesantes .

Copa Escalada

Se as condicións da covid19 nolo permiten, celebraremos a última proba da Copa Galega de Escalada Base que estaba prevista en abril, atendendo aos novos protocolos de organización.

Xeoparque

Seguiremos percorrendo as Montañas do Courel con especial atención nos recursos xeolóxicos que van descubríndose dentro dos estudos do Xeoparque. Nesta ocasión faremos base na Seara, a información das rutas publicarámola proximamente.

Montaña Palentina

Este ano o destino escollido para o verán é a Montaña Palentina. Altas montañas de roca espida, fervezas, lagos... Sairemos de Vigo o sábado día 1 de agosto. Chegada a Cervera de Pisuerga sobre as 16h onde estableceremos o campamento. Haberá actividades de montaña e de sendeiro todos os días.

Actividades de Mergullo

BAUTISMO DE MERGULLO: Para un primeiro contacto co mergullo en caso de ter dúbidas de se facer o curso ou non. O bautismo ten unha parte teórica e uns 30' na auga.

CURSO DE MERGULLO: A teoría son 5 h que se poden dar desde 1 a 5 horas. O normal 2 ou 3 días. As prácticas en piscina serían na praia de Bueu. 5 temas que se adoitan agrupar en 3 días. Preferiblemente sábados. As prácticas en mar realizaríanse en 3 días, preferiblemente os sábados.

INMERSIÓN: Inmersións na Ría de Vigo con botella.





Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila
Colaboran neste número: Paco A., Emilio B., Conchi B., Lourdes C., David C., Iago e Xoaquín K., Gloria P., José Luis V.
Imprime: Garpe /
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
X U L L O	4-5	Pequecampamento en Pinténs	Cultura e M Ambiente
	5	Bici de montaña en Soutomaior	Bici de Montaña
	11	Inmersión de Mergullo	Mergullo
	18-19	Campamento Social en Bamio	Social

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
A G O S T O	1-8	Palentinas	Sendeiro-Montaña

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
S E T E M B R O	6	Sendeiro	Sendeiro
	10-11	3ª Mostra de Cine de Montaña e Aventura: Mendi Tour Vigo 2020	Cultura e M Ambiente
	12-13	Pequecampamento XeoCourel	Cultura e M Ambiente
	19	Copa Galega de Escalada	Escolas deportivas
	19	Bici de Montaña	Bici de Montaña
	26-27	XeoCourel etapas 21 e 22	Sendeiro-Montaña

**Publicorreo
Óptimo**

MONTAÑEIROS CELTAS

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo
Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas
www.celtas.gal / info@celtas.net